



MEMORIA XUSTIFICATIVA

Descrición da situación actual

No exercicio 2022 o Concello dotou ao Servizo da Policía con 15 equipos.- HYTERA PD565 Walkie DIGITAL PD565V / PD565U de 256 canais.

Para o correcto funcionamento é necesario o aluguer dun repetidor e antena.

Na actualidade existe a prestación a través de empresa especializada, mediante contratación menor.

Obxectivos e xustificación

O obxecto principal é o aluguer de repetidor e antena para dar cobertura aos sistemas de comunicación da Policía Local.

As necesidades básicas de comunicación da Policía Local son: 15 HYTERA PD565 Walkie DIGITAL PD565V / PD565U de 256 canais, dixitais con protección de polvo e auga, e calidade de audio, envío de mensaxes de texto, chamadas en grupos de voz. Poder desconectar os equipos de forma remota e botonera en modo emerxencia.

Estes equipos deben estar conectados a unha estación repetidora con alomenos dous canais, baterías, antena etc.

Cualificación do contrato

Segundo as normas de dereito administrativo ou de dereito privado que lles son de aplicación, e en función do obxecto, cualificarase o contrato como de aluguer ou arrendamento.

Análise de execución por lotes

De conformidade co establecido no artigo 99 LCSP non se contempla a división en lotes polos seguintes motivos:

a) Dificultade da correcta execución do contrato desde o punto de vista técnico xa que as prestacións comprendidas no obxecto do contrato son complementarias e deben ser executadas simultaneamente.

b) Risco para a correcta execución xa que implicaría a coordinación de diferentes prestacións nos mesmos ámbitos e momentos, ademais de perder a optimización do control da execución global do contrato.

A codificación correspondente para este servizo da nomenclatura de vocabulario de contratos públicos (CPV) é a seguinte: 50333000 “Servizos de mantemento de equipos de radiocomunicacións”.





Duración

A duración do contrato será de 1 ano, con opción de prórroga por anualidades ata o prazo máximo de 4 anualidades, incluído o período anual.

Valor Estimado

O valor estimado do presente contrato, sen engadir o imposto do valor engadido, ascende ao importe de 33.057,84 euros desglosado da seguinte maneira:

Anualidade 2024 (2º Semestre)	
Importe	4.132,23

Anualidade 2025	
Importe	8.264,46

Anualidade 2026	
Importe	8.264,46

Anualidade 2027	
Importe	8.264,46

Anualidade 2028 (1º Semestre)	
Importe	4.132,23

Para o seu cálculo, tense en conta, ademais dos custos derivados da aplicación das normativas laborais vixentes, outros custos derivados da execución material dos servizos, os gastos xerais de estrutura, o beneficio industrial, así como calquera forma de opción eventual e as eventuais prórrogas do contrato, a contía das primas ou pagamentos que, no seu caso, se prevejan aboar aos candidatos ou licitadores, e o importe máximo das modificacións á alza que se podan prever.

Presuposto Base de Licitación

Por presuposto base de licitación entenderase o límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, e que neste contrato ascende á cantidade **de 10.000,00 euros**.





CONCELLO
DE POIO

As proposicións presentadas que superen o orzamento base de licitación serán descartadas automaticamente.

DOCUMENTO FIRMADO ELECTRONICAMENTE

